

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación Didáctica de Acordeón

Curso 2025/2026

Índice

1	Introdución.....	5
1.1	Marco legal.....	6
2	Obxectivos xerais das ensinanzas musicais.....	7
2.1	Grao elemental.....	7
2.2	Grao profesional.....	8
3	Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	8
4	Metodoloxía.....	9
4.1	Organización do tempo e do espazo.....	10
4.2	Principios metodolóxicos	10
4.3	Métodos didácticos.....	10
4.4	Profesorado.....	11
5	Atención á diversidade	12
6	Temas transversais	14
6.1	Educación en valores.....	14
6.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	15
7	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	16
7.1	Audicións.....	16
7.2	Actos institucionais	16
7.3	Cursos, clases maxistras e conferencias.....	16
7.4	Outros.....	17
8	Secuenciación do curso.....	17
8.1	Curso: 1º Grao Elemental.....	17
8.1.1	Obxectivos	17
8.1.2	Contidos	19
8.1.3	Avaliación	20
8.1.4	Medidas de recuperación.....	24
8.1.5	Recursos didácticos	26
8.2	Curso: 2º Grao Elemental.....	26
8.2.1	Obxectivos	26
8.2.2	Contidos	28
8.2.3	Avaliación	29
8.2.4	Medidas de recuperación.....	33
8.2.5	Recursos didácticos	35
8.3	Curso: 3º Grao Elemental.....	35
8.3.1	Obxectivos	35
8.3.2	Contidos	37
8.3.3	Avaliación	38
8.3.4	Medidas de recuperación.....	43
8.3.5	Recursos didácticos	44

8.4	Curso: 4º Grao Elemental.....	45
8.4.1	Obxectivos	45
8.4.2	Contidos	46
8.4.3	Avaliación	48
8.4.4	Medidas de recuperación.....	53
8.4.5	Recursos didácticos	54
8.5	Curso: 1º Grao Profesional.....	55
8.5.1	Obxectivos	55
8.5.2	Contidos	56
8.5.3	Avaliación	58
8.5.4	Medidas de recuperación.....	63
8.5.5	Recursos didácticos	65
8.6	Curso: 2º Grao Profesional.....	65
8.6.1	Obxectivos	65
8.6.2	Contidos	67
8.6.3	Avaliación	69
8.6.4	Medidas de recuperación.....	73
8.6.5	Recursos didácticos	75
8.7	Curso: 3º Grao Profesional.....	75
8.7.1	Obxectivos	75
8.7.2	Contidos	77
8.7.3	Avaliación	79
8.7.4	Medidas de recuperación.....	84
8.7.5	Recursos didácticos	85
8.8	Curso: 4º Grao Profesional.....	86
8.8.1	Obxectivos	86
8.8.2	Contidos	87
8.8.3	Avaliación	89
8.8.4	Medidas de recuperación.....	94
8.8.5	Recursos didácticos	96
8.9	Curso: 5º Grao Profesional.....	96
8.9.1	Obxectivos	96
8.9.2	Contidos	97
8.9.3	Avaliación	100
8.9.4	Medidas de recuperación.....	105
8.9.5	Recursos didácticos	106
8.10	Curso: 6º Grao Profesional.....	107
8.10.1	Obxectivos	107
8.10.2	Contidos	108
8.10.3	Avaliación	110
8.10.4	Medidas de recuperación.....	115
8.10.5	Recursos didácticos	117
9	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	117
10	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	118
11	Anexos	118

11.1	Probas de acceso a 1º de Grao Profesional	118
11.2	Probas de acceso a outros cursos	121
11.2.1	Proba de acceso a 2º de Grao Elemental	121
11.2.2	Proba de acceso a 3º de Grao Elemental	122
11.2.3	Proba de acceso a 4º de Grao Elemental	124
11.2.4	Proba de acceso a 2º de Grao Profesional	127
11.2.5	Proba de acceso a 3º de Grao Profesional	129
11.2.6	Proba de acceso a 4º de Grao Profesional	130
11.2.7	Proba de acceso a 5º de Grao Profesional	132
11.2.8	Proba de acceso a 6º de Grao Profesional	134
11.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	136

1 Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Dita Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no artigo 48, preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Estas características veñen ditadas para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro establece no artigo 2º do Capítulo I que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

De igual modo, A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Ademais, no capítulo VI do título I, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música. Para a Comunidade Autónoma de Galicia, estes aspectos básicos veñen ditados no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Ademais, a finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente Programación Didáctica baséase na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, realizada a partir do currículo oficial vixente para a materia de Acordeón dentro dos graos elemental e profesional. Nesta programación inclúense os obxectivos e contidos, o enfoque metodolóxico, a avaliación (criterios de avaliación,

mínimos esixibles, procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado, criterios de cualificación), materiais e recursos didácticos que se van empregar, e as medidas de atención á diversidade. Engadíronse, ademais, outros apartados considerados de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Esta programación didáctica non pretende presentar unha planificación pechada e definitiva, senón que debe ser entendida coma un instrumento flexible que permita adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, sirva de marco de referencia para dar forma á nosa ensinanza e garanta que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que propicie a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco legal

Para a elaboración desta programación didáctica tívose en conta a seguinte normativa, clasificada de menor a maior antigüidade atendendo á súa data de publicación:

- **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **DECRETO 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **DECRETO 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- **DECRETO 203/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao elemental

O artigo 3º do Capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, recolle que o grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse armonicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Grao profesional

O artigo 3º do Capítulo I do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música recolle, no artigo 6º, os obxectivos específicos destas últimas. Dito artigo sinala que as ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4 Metodoloxía

O alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe ten como finalidade formar persoas autónomas, críticas e con pensamento propio. É por iso que a atención se centrará na procura e recoñecemento do talento que posúe cada alumno, así como traballar en potencialo. A metodoloxía estará orientada a situar ao alumno no centro do proceso de ensino-aprendizaxe, outorgando un papel fundamental á práctica e á vivencia íntegra do feito musical.

4.1 Organización do tempo e do espazo

En canto á división temporal, cada sesión estará dividida en tres partes (inicial, central e final), onde as primeiras actividades presentarán uns niveis de dificultade e intensidade moderados que irán aumentando ata alcanzar os seus índices máis altos cara ao último cuarto da sesión. O final da clase centrarase no repaso da tarefa realizada, co obxectivo de fixar os coñecementos adquiridos e retornar á calma.

4.2 Principios metodolóxicos

- **Actividade:** o carácter instrumental da materia de Acordeón require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndolas —base da aprendizaxe significativa e construtivista— vai implícito na nosa ensinanza.
- **Creatividade:** ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación do alumnado.
- **Autonomía:** cada alumno e alumna será orientado nas clases, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Atención personalizada:** dada a dedicación exclusiva que comporta a clase individual de Acordeón, en cada sesión terase en conta a dimensión persoal e afectivo-social de cada alumno e alumna.
- **Interdisciplinariaidade:** relacionaranse os contidos da materia de Acordeón cos contidos das outras materias do currículo, dotándoos dunha maior significación.
- **Globalización:** teranse en conta os coñecementos previos do alumnado, tanto os que aprende nos estudos de réxime xeral coma no seu quefacer cotián.
- **Socialización e convivencia:** promoverase o traballo en equipo e un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** o que se aprende presentarse como algo de utilidade noutras situacións, que terá aplicacións reais.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de acadar os obxectivos propostos, poderanse realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

4.3 Métodos didácticos

Por método didáctico entendemos todas aquelas decisións técnicas e estratéxicas que responden á pregunta de cómo ensinar. Por tanto, procederemos de forma ordenada, planificada e dirixida á consecución duns fins.

- **Aprendizaxe por descubrimento:** Con este método, o alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e o rexistro de información, construíndo, desta forma, a súa propia aprendizaxe. A información ofrecida será

premeditadamente incompleta, pero presumiblemente suficiente para que o alumnado pense, investigue, relacione, induza e deduza en función do que xa sabía conectado á nova información.

- **Método por recepción activa:** esta metodoloxía céntrase na transmisión maxistral dun contido de aprendizaxe pechado e acabado. Para que este proceso de ensinanza-aprendizaxe produza no alumnado unha aprendizaxe de calidade, o profesor xerará interese polo contido de aprendizaxe (motivación), o contido estará estruturado e secuenciado de forma que poida ser comprendido pola súa lóxica interna (significación lóxica) e activaranse os coñecementos previos do alumnado en relación co novo contido (significación psicolóxica).

Atendendo ao uso de metodoloxías específicas, serviremosnos das seguintes:

- **Aprendizaxe baseada en proxectos:** mediante o pensamento crítico, a resolución de problemas, a colaboración e diversas formas de comunicación, permite ao alumnado adquirir coñecementos involucrándoo en proxectos que dan resposta a problemas da vida real. Para iso, os estudantes necesitan utilizar capacidades intelectuais de orde superior para facerse preguntas, buscar información e obter conclusións.
- **Contrato de aprendizaxe:** esta metodoloxía céntrase na firma dun acordo entre profesor e alumno onde se definen os obxectivos de aprendizaxe, recursos e estratexias a empregar, temporalización, evidencias a presentar e a metodoloxía de avaliación. Esta forma de proceder implica o desenvolvemento dun proceso educativo centrado no estudante, promove a autoaprendizaxe e garda relación co ámbito profesional. A implementación desta metodoloxía é moi común que se produza no ámbito dos Ensinos Superiores, polo que nos serviremos dela, principalmente, nos últimos cursos do Grao Profesional.
- **Uso das TIC:** O desenvolvemento tecnolóxico modificou a forma de crear, producir, distribuír, escoitar e consumir música. É por isto que nos serviremos dos recursos tecnolóxicos na clase, sendo o seu uso xustificado e adecuado.

4.4 Profesorado

Entre as estratexias básicas a empregar polo docente, sinalamos:

- Incentivar a participación activa do alumnado na clase no referente á realización das actividades propostas e á emisión das súas propias valoracións acerca destas.
- Evitar as sancións negativas polo fracaso, así como a falta de recoñecemento persoal polo éxito. É necesario ter sempre presente a educación en valores, transmitindo uns principios de comportamento baseados no respecto e a tolerancia.

Ao mesmo tempo, manterase unha actitude de respecto fronte as inseguridades, dúbidas ou fallos do alumnado.

- Coidar a forma de presentar a información, sendo indispensable o emprego de diferentes recursos didácticos e/ou materiais.
- Convidar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe, a través da autoavaliación.
- Empregar estratexias que fagan revivir no alumnado os coñecementos previos para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos.
- Espertar e desenvolver a creatividade en todo momento.

5 Atención á diversidade

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É un feito que os alumnos e alumnas que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos aprenden ao mesmo ritmo nin posúen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características de cada alumno.

Co propósito de satisfacer e dar resposta á atención diversidade, na materia de Acordeón teranse en conta as seguintes pautas:

- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, as destrezas adquiridas, etc.
- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se

imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle, no seu artigo 32, que se entende por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constituirán procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos apropiados.

As dificultades máis destacadas que pode presentar o alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo veñen dadas pola comprensión do idioma, a diferenza de nivel educativo respecto ao resto do grupo e polos costumes propios da súa cultura. Promoverase que este alumnado participe cos seus compañeiros e compañeiras da materia de Acordeón, empregando metodoloxías baseadas na explotación de recursos didácticos relacionados coa práctica musical en grupo, véndose favorecida, así, a súa integración. Se por cuestións culturais, raciais e/ou de escolarización o alumnado inmigrante non recibiu a atención debida no seu país de orixe, procurarase empregar os seus coñecementos musicais nas actividades cotiás de clase.

No caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, poderanse elaborar actividades de ampliación de contidos, actividades con maior dificultade da prevista nun primeiro momento para o seu curso, así como actividades que potencien tanto a súa motivación como a súa organización persoal. A capacidade intelectual deste tipo de alumnado demándalle continuamente a xustificación do porqué se realiza unha actividade. É por isto que se lle proporcionarán explicacións fundamentadas que lles permitan razoar e xustificar as actividades e os contidos.

No referente ao alumnado con necesidades educativas especiais, poderase precisar unha adaptación dos recursos materiais, así como da ubicación e colocación da aula e dos materiais. No caso de ser necesario, procederase á adecuación dos elementos do currículo reformulando os obxectivos e, en consecuencia, adaptando os contidos e os criterios de avaliación. Neste caso, realizarase unha programación adecuada ás posibilidades reais do alumno a partir da avaliación inicial —sempre en contacto co resto de profesionais docentes a través da titoría— e supervisado pola xefatura de estudos.

6 Temas transversais

A educación no ámbito musical non debe rematar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e do desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que dan resposta á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal, e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara á devandita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical facilita a incorporación destes temas á aula, especialmente na práctica en conxunto.

6.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes directrices:

- A **educación ambiental** tratarase a través do coidado pola produción excesiva de sons, a concienciación sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio como marco de calquera actividade musical.
- A **educación para a saúde** abordarase a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, facendo fincapé sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, a participación nas actividades da aula terá como base os principios de integración, colaboración e respecto mutuo entre os integrantes da clase, independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir da interpretación e coñecemento de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de

decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

- A **educación moral e cívica** abordarase ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia tanto no transcurso das sesións como á hora de tocar en grupo.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente e a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, estas poden ser empregadas co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas vinculadas á compartición masiva de material audiovisual poden ser empregadas na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións, e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo do alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

7 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O alumnado da materia de Acordeón terá o dereito de asistir —aínda que non a obriga— ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen desde o Departamento de Tecla; agás nas audicións, onde si deberán participar.

7.1 Audicións

Desde a materia de Acordeón programaranse, como mínimo, tres audicións ao longo do curso. Estas serán públicas e poderanse levar a cabo tanto na aula coma no salón de actos ou auditorio.

O alumnado deberá participar nas audicións como mostra do traballo realizado, interpretando as obras que o seu profesor lle asigne, sexa en grupo ou como solista. Ademais de como intérprete, o alumnado deberá participar nas audicións en calidade de público, valorando o traballo dos seus compañeiros e desenvolvendo o seu espírito crítico.

7.2 Actos institucionais

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo programa unha serie de concertos que cada curso adoitan formar parte da programación estable do centro. A participación do alumnado de Acordeón nestes concertos podería darse nos seguintes actos:

- Concerto de apertura do curso académico
- Semana Musical de Concertos de Nadal
- Semana Musical de Concertos de Primavera
- Ciclo de Novos Intérpretes
- Recitais de Fin de Grao Profesional
- Concerto de Graduación (alumnado que remata os estudos do 4º curso do Grao Elemental e o 6º curso do Grao Profesional).

7.3 Cursos, clases maxistrais e conferencias

No caso de que o Departamento de Tecla teña algunha proposta e se dean as condicións para levala a cabo, poderanse organizar cursos, clases maxistrais ou conferencias que terán lugar no 3º trimestre.

Tamén se animará ao alumnado a asistir a clases maxistrais, conferencias ou cursos especializados impartidos fóra do centro, así como a outros actos (concertos, exposicións, talleres, etc.) que poida beneficiar ao alumnado no seu desenvolvemento.

7.4 Outros

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como poden ser o *Novembro con Música* organizado polo departamento de cultura do concello de Carballo, o ciclo de concertos *Cmus en ruta* celebrado nos centros sociais das parroquias de Carballo, o certame literario *Contos de Primavera* organizado por *La Voz de Galicia* coa colaboración de *Empresas Calvo* ou os concertos pedagóxicos para colexios. O alumnado de Acordeón podería ser proposto para participar neste tipo de actos.

8 Secuenciación do curso

8.1 Curso: 1º Grao Elemental

8.1.1 Obxectivos

- Coñecer e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, para evitar danos tanto no corpo do alumno coma no instrumento.
- Observar e reproducir, por imitación ao profesorado, unha posición corporal que permita o funcionamento sen esforzo dos elementos anatómico-funcionais e non entorpeza a colocación do instrumento.
- Coñecer o principio sonoro do acordeón, así como os seus elementos constitutivos e as súas funcións básicas.
- Identificar diferentes sons que se poden orixinar nun acordeón, para incentivar a reflexión persoal do seu uso en pequenas composicións propias ou alleas a través da exploración do instrumento.
- Iniciarse na coordinación dos movementos das extremidades superiores que interveñen na execución instrumental, para interpretar repertorio dun nivel moi elemental a través de rítmicas moi fáciles e movementos de dedos dentro de patróns de cinco notas.
- Darlle forma ao sentido individual do ritmo para atopar un pulso estable, a través de actividades fundamentadas no emprego de repertorio cunha linguaxe musical sinxela, accesible e alcanzable.
- Iniciarse, por imitación ao profesor, no dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e os cambios de fol sen esforzo.
- Iniciarse no coñecemento e aplicación dos diferentes tipos de articulación dixital a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor.

- Iniciarse no coñecemento e aplicación da técnica de fol adecuada para a execución dos matices dinámicos básicos a través do desenvolvemento da sensibilidade auditiva e a exploración co instrumento.
- Interpretar un repertorio de pequenos fragmentos musicais, cancións sinxelas e pezas didácticas en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo, para fomentar unha boa relación coa música a través do acordeón.
- Coñecer as grafías básicas propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- Comezar a apreciar que a música ten forma, para poder entender o traballo interpretativo individual de xeito consciente, a través de pequenas estruturas sinxelas.
- Iniciarse no uso de formas musicais moi básicas, para facilitar o traballo da memoria, a través dun repertorio elemental.
- Ser consciente da necesidade de organizar un espazo e un tempo semanal adicado ao estudo do acordeón, para adquirir as destrezas necesarias, a través da percepción do progreso correspondente.
- Iniciarse na formación dun método de traballo persoal, a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor que vaian dirixidas a cómo estudar, para empezar a aprender a aprender por si mesmo.
- Iniciarse no aproveitamento das facultades memorísticas para aplicarlas á aprendizaxe de pequenos fragmentos musicais, cancións e pezas sinxelas, por medio do oído, vista e tacto.
- Comezar a ler e tocar a primeira vista pezas breves de nivel moi sinxelo, para iniciar o proceso de adquisición da habilidade correspondente, empregando un repertorio adecuado.
- Experimentar a comunicación dunha pequena mensaxe musical a un público, a través da interpretación ao acordeón dalgunha peza sinxela, para ter un primeiro contacto co feito de ser partícipe —como transmisor— da cadea de interpretación musical que vai dun compositor a un ou varios oíntes.
- Comezar a participar en actividades de audición musical consciente, a través da escoita nas clases, da asistencia a audicións e concertos, ou da escoita de música axeitada ao nivel, para ir conformando o gusto persoal e alimentar o oído interno, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respecto.

8.1.2 Contidos

- Coñecemento e aplicación dos procedementos adecuados para o transporte e manexo do acordeón.
- Coñecemento e aplicación dos coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Coñecemento e reprodución dunha adecuada posición corporal.
- Colocación adecuada do instrumento.
- Coñecemento dos elementos constitutivos e as súas funcións a nivel moi básico.
- Coñecemento do principio sonoro do acordeón e da maneira de producir o son.
- Iniciación ao desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
- Iniciación ao uso dun pulso regular.
- Iniciación ao dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e os cambios de fol sen esforzo.
- Iniciación ao estudo de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Iniciación ao estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Interpretación de pequenos fragmentos musicais, cancións sinxelas e pezas didácticas en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica e melodía acompañada.
- Aplicación e reflexión da dixitación proposta polo profesor.
- Emprego da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
- Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
- Coñecemento básico de formas e estruturas musicais.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Iniciación ao adestramento da memoria visual, auditiva e muscular.
- Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man e pequenas pezas nas que interveñan as dúas mans por separado en MI, MII e MIII.
- Iniciación aos hábitos de anticipar e non interromper a lectura, así coma o hábito de recoñecer as indicacións musicais que non só sexan as notas.
- Improvisación fundamentada en patróns rítmicos simples.

- Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
- Coñecemento básico e aplicación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- Fomento da escoita atenta e consciente do son durante a interpretación.
- Fomento da escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- Entrenamento auditivo a través da busca de cancións fáciles de oído e a execución instrumental simultánea ao canto.
- Iniciación ao hábito de escoitar música con certa frecuencia.

8.1.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, tal e como se recolle na Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor tutor; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Ter un coñecemento elemental e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Reproducir unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención á postura corporal adoptada.
- Coñecer e explicar o principio sonoro do acordeón e a maneira de producir o son.
- Coñecer basicamente os elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións. Amosar diferentes posibilidades de producir son co acordeón.
- Coordinar os movementos dos diferentes segmentos dos brazos, mans e dedos correspondentes ás propostas de repertorio.
- Utilizar un pulso regular nas execucións musicais.
- Demostrar o dominio de fol suficiente para a realización da apertura-peche do fol en forma de abanico, os cambios de fol sen esforzo e a execución dos matices dinámicos básicos.
- Utilizar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais traballadas.
- Interpretar un nutrido repertorio en MI, MII e MIII que abarque os contidos correspondentes ao curso.
- Coñecer e aplicar as grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística do nivel.
- Distinguir algunhas formas musicais básicas. Interrelacionar formas musicais sinxelas coa interpretación.
- Dedicar un tempo mínimo semanal ao estudo do acordeón. Realizar e cumprir un cadro semanal de dedicación ao estudo do acordeón. Demostrar o progreso acordeonístico persoal a través do estudo individual.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Reproducir de oído breves fragmentos melódicos co acordeón.
- Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso. Anticipar e non interromper a lectura nas execucións á vista.
- Participar e asistir a audicións e outras actuacións públicas. Aplicar de maneira básica o protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público. Comprometerse musicalmente coa peza ou pezas a interpretar.
- Demostrar interese por escoitar música con certa frecuencia.

Mínimos esixibles

- Coñecer basicamente os elementos constitutivos do acordeón.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 10 pezas adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- Interpretar algunha das pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.

- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1.1 da Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental, coñecemento básico dos elementos constitutivos e as súas funcións, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, técnicas de teclado, execución de oído.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso regular, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

- Criterios actitudinais: 20%

Procedementos para o manexo e transporte do acordeón, mantemento técnico do instrumento, estudo semanal, progreso persoal, interese por escoitar música.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa, protocolo de concerto, compromiso musical coas pezas a interpretar.

Como recolle a Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, a cualificación final será

consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do primeiro curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso regular, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, memoria, lectura a primeira vista.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 90% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.1.5 Recursos didácticos

- Bloch, Waldemar: 35 Miniaturen für Akkordeon. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Didas Flory, Angelika: Ferdinand maus und seine Freunde. Ed. Wunn.
- Garbatini, Sandro: Simple Songs. Ed. Bèrben.
- Harris, Eddie: Preparatory Studies for Beginners. Ed. Waterloo.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: Acordeón divertido. Ed. Antza.
- Noth, Hugo: Zwanzig Spielstücke. Ed. Musikverlag Heinz Oettinger.
- Saira, Ari-Matti: The Little Accordion Player's Toy Box. Ed. AMS Production.

8.2 Curso: 2º Grao Elemental

8.2.1 Obxectivos

- Asimilar e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, para evitar danos tanto no corpo do alumno coma no instrumento.
- Aproximarse, partindo da imitación ao profesorado, á posición corporal precisa que permita a interpretación sen esforzo e non entorpeza a colocación do instrumento, facilitando o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Profundar no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións.
- Progresar no coñecemento e utilización das posibilidades sonoras do acordeón, mediante a interpretación dun repertorio adecuado, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente.
- Avanzar na coordinación de movementos entre brazos, antebrazos, pulsos e dedos que interveñen na execución instrumental.
- Fortalecer o sentido do ritmo, a través da reflexión persoal sobre as interpretacións propias, para ser capaz de manter un pulso estable.
- Desenvolver o dominio consciente do fol a través do control postural, a asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico e a ausencia de esforzo innecesario.
- Coñecer os diferentes tipos de produción e cese do son.

- Ampliar o coñecemento e aplicación dos diferentes tipos de articulación dixital, aproximándose a unha execución controlada a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor.
- Ampliar e progresar na execución da técnica de fol adecuada para a execución dos matices dinámicos a través do desenvolvemento da sensibilidade auditiva e a exploración co instrumento.
- Iniciarse na técnica de acentuación de fol a través da observación atenta e por imitación ao profesor.
- Interpretar un amplo repertorio de pequenas pezas musicais en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo, que permita afondar nunha boa relación coa música a través do acordeón.
- Profundar no coñecemento das grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- Avanzar na comprensión da idea de forma musical, para apreciar mellor a música como linguaxe, a través da escoita e interpretación de pezas de nivel elemental.
- Progresar no coñecemento de formas musicais, para aplicalas nas interpretacións propias, a través do emprego de repertorio adecuado.
- Considerar a importancia de dispor dun espazo e un tempo semanal dedicado ao estudo do acordeón, para avanzar no nivel acordeonístico persoal, a través da percepción do propio progreso.
- Avanzar na formación dun método de traballo persoal, a través da observación atenta da obra a estudar, dos razoamentos lóxicos individuais e das indicacións do profesor, para mellorar a competencia de aprender a aprender.
- Avanzar no uso da memoria aplicada á aprendizaxe de pequenas pezas do repertorio acordeonístico, por medio do oído, vista e tacto.
- Interpretar a primeira vista pezas breves moi fáciles, para continuar o proceso de adquisición desta habilidade, a través do emprego dun repertorio adecuado.
- Experimentar a comunicación dunha pequena mensaxe musical a un público, a través da interpretación ao acordeón dalgunha peza sinxela, para avanzar no contacto co feito de ser partícipe —como transmisor— da cadea de interpretación musical que vai dun compositor a un ou varios oíntes.
- Participar en actividades de audición musical de maneira consciente, para fomentar o gusto pola música, a través da escoita nas clases, da asistencia a audicións e concertos, ou da escoita de música axeitada ao nivel, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respecto.

8.2.2 Contidos

- Asimilación dos procedementos adecuados para o transporte e manexo do acordeón.
- Asimilación dos coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Aproximación a unha posición corporal precisa.
- Afianzamento dunha adecuada colocación do instrumento.
- Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións, iniciación ao coñecemento do funcionamento dos seus mecanismos a nivel moi básico.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
- Desenvolvemento do uso dun pulso regular e definido.
- Desenvolvemento do dominio consciente do fol.
- Coñecemento e iniciación á execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Ampliación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Iniciación á técnica de acentuación de fol.
- Interpretación dun amplo repertorio de pequenas pezas musicais e exercicios de técnica en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica e melodía acompañada.
- Aplicación e reflexión da dixitación proposta polo profesor.
- Iniciación á dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
- Interiorización do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
- Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
- Coñecemento básico de formas e estruturas musicais.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento da memoria visual, auditiva e muscular.
- Memorización de pequenas pezas enteiras para ser interpretadas en público.

- Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man, pezas nas que interveñan as dúas mans por separado e pequenas pezas sinxelas a dúas mans en MI, MII e MIII.
- Desenvolvemento da habilidade de anticipar e non interromper a lectura e o hábito de recoñecer as indicacións musicais que non só sexan as notas.
- Improvisación fundamentada en patróns rítmicos simples, mantemento do pulso, tonalidades ata unha alteración, cluster e percusión cos diferentes elementos constitutivos do acordeón.
- Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
- Coñecemento e aplicación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- Fomento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Iniciación ao desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- Entrenamento auditivo a través da busca de cancións fáciles de oído e a execución instrumental simultánea ao canto.
- Fomento do hábito de escoitar música con frecuencia.

8.2.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, tal e como se recolle na Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas

aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor tutor; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Ter asimilados e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- Empregar unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención á postura corporal adoptada.
- Coñecer os elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións.
- Amosar diferentes posibilidades de producir son co acordeón.
- Coordinar os movementos dos diferentes segmentos dos brazos, mans e dedos correspondentes ás propostas de repertorio. Demostrar certo dominio nos cambios de posición e pasos de dedos. Amosar certa independencia entre manuais. Utilizar a respiración durante a execución.
- Interiorizar un pulso definido. Empregar un pulso estable nas execucións musicais. Amosar sentido da continuidade na interpretación.
- Demostrar o dominio de fol suficiente para a asimilación da apertura-peche do fol en forma de abanico, os cambios de fol sen esforzo e a execución dos matices dinámicos e da acentuación de fol.
- Ter coñecemento dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Utilizar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais traballadas.
- Interpretar un amplo repertorio de pequenas pezas musicais en MI, MII e MIII que abarque os contidos correspondentes ao curso.
- Coñecer e aplicar as grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística do nivel.
- Reflectir a forma musical correspondente a unha peza musical.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través do estudo individual. Organizar un tempo semanal para o estudo do acordeón. Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Reproducir de oído breves fragmentos melódicos co acordeón.

- Memorizar breves pasaxes musicais. Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso. Manter o pulso, anticipar e non interromper a lectura nas execucións á vista.
- Participar e asistir a audicións e outras actuacións públicas. Aplicar o protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público. Comprometerse musicalmente coa peza ou pezas a interpretar.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con certa frecuencia.

Mínimos esixibles

- Coñecer os elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 10 pezas adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- Interpretar algunha das pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realízase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realízase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1.1 da Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental, coñecemento dos elementos constitutivos e as súas funcións, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado, execución de oído.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

- Criterios actitudinais: 20%

Procedementos para o manexo e transporte do acordeón, mantemento técnico do instrumento, estudo semanal, progreso persoal, interese e actitude positiva, asistencia a clase, interese por escoitar música.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa, protocolo de concerto, compromiso musical coas pezas a interpretar.

Como recolle a Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do segundo curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, coñecemento dos elementos constitutivos e as súas funcións, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 90% na cualificación final.

2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.2.5 Recursos didácticos

- Abbott, Alain: Pour fabrice. Ed. Gérard Billaudot.
- Bloch, Waldemar: 35 Miniaturen für Akkordeon. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Garbatini, Sandro: Tre Studietti Facili. Ed. Bèrben.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: Acordeón divertido. Ed. Antza.
- Lundquist, Torbjörn: Allerlei. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Ravasio, Luigi: Riconoscizioni. Ed. Bèrben.
- Takács, Jenő: Von Fernen Küsten. Universal Editions.

8.3 Curso: 3º Grao Elemental

8.3.1 Obxectivos

- Asumir e interiorizar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Ampliar o coñecemento das posibilidades sonoras do acordeón, para poder empregalas de maneira xustificada na interpretación acordeonística a través dun repertorio axeitado.
- Progresar na coordinación de movementos entre brazos, antebrazos, pulsos e dedos que interveñen na execución instrumental, para poder interpretar un repertorio acorde ao nivel do curso.
- Interiorizar a estabilidade do pulso empregado, a través da observación e percepción dela, para comprender que é un elemento básico da música.

- Aumentar o dominio do manexo do fol aproximándose a unha execución controlada e precisa baseada no control postural, na asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico e na ausencia de esforzo innecesario.
- Iniciarse na aplicación consciente dos diferentes tipos de produción e cese do son, incentivando a reflexión persoal do seu uso a través experimentación co instrumento e a imitación ao profesor.
- Asimilar e interiorizar a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar un control na produción e calidade do son adecuado ao nivel.
- Progresar no dominio da técnica de fol adecuada para a execución dos matices e gradacións dinámicas.
- Automatizar a técnica de acentuación de fol.
- Interpretar un nutrido repertorio de pezas breves en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo, dando comezo ao coñecemento das diferentes épocas e estilos a través de músicas de diversa procedencia.
- Expandir o coñecemento das grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- Iniciarse na aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Identificar algunhas formas musicais sinxelas a través do estudo e utilización na interpretación de repertorio de nivel elemental, para entendelas como un elemento da linguaxe musical presente na composición e na execución instrumental.
- Valorar o alcance da organización dun espazo e un tempo diario dedicado ao estudo do acordeón, para avanzar con garantías no nivel acordeonístico persoal, a través da observación do propio progreso.
- Progresar na formación dun método de traballo persoal para continuar coa mellora da competencia de aprender a aprender.
- Aproximarse ao hábito do uso da memoria na interpretación musical.
- Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria, para orientarse cara a unha independencia musical, a través dunha selección coidada con dito propósito.
- Interpretar a primeira vista pezas breves moi sinxelas, para ser capaz de captar en pouco tempo as características máis destacadas dunha obra adecuada a esta actividade.
- Intervir en concertos organizados polo centro con pezas adecuadas ao nivel, para experimentar a comunicación dunha idea musical, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respecto.

- Aproximarse ao hábito de escoitar música con atención, para ampliar os coñecementos individuais de forma non sistemática, a través da asistencia a recitais e concertos, ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais.

8.3.2 Contidos

- Interiorización e asunción dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Profundamento na función dos elementos constitutivos do acordeón e coñecemento do funcionamento dos seus mecanismos a nivel básico.
- Ampliación das posibilidades sonoras do acordeón.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
- Desenvolvemento e interiorización do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
- Aproximación a unha execución controlada e precisa do manexo do fol.
- Aplicación consciente dos diferentes tipos de ataque e extinción do son. Reflexión persoal do seu uso.
- Asimilación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Automatización da técnica de acentuación do fol.
- Interpretación dun nutrido repertorio de pezas breves, estudos e exercicios de técnica en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- Iniciación á aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
- Aplicación e reflexión argumentada da dixitación proposta polo profesor.
- Dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
- Adopción do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
- Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
- Coñecemento de formas e estruturas musicais.

- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización de pequenas pezas enteiras en MI-MII e MI-MIII para ser interpretadas en público.
- Práctica da lectura á vista de pezas sinxelas e accesibles nas que interveñan as dúas mans por separado, así coma a dúas mans en MI, MII e MIII.
- Adquisición da habilidade de anticipar e non interromper a lectura.
- Iniciación ao hábito de ler a primeira vista co acordeón con frecuencia.
- Improvisación fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, mantemento do pulso, tonalidades ata dúas alteracións, cluster, glissando, válvula de aire e percusión cos diferentes elementos constitutivos do acordeón.
- Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
- Asimilación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- Fomento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- Entrenamento auditivo a través da busca e interpretación de oído de melodías e cancións adecuadas ao nivel e a execución instrumental simultánea ao canto.
- Fomento do hábito de escoitar música —tanto gravada coma en directo— de forma atenta con frecuencia.

8.3.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, tal e como se recolle na Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do

proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor tutor; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Asumir e interiorizar unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención á postura corporal adoptada.
- Coñecer a función dos elementos constitutivos do acordeón e o funcionamento dos seus mecanismos a nivel básico. Amosar diferentes posibilidades de producir son co acordeón.
- Coordinar os movementos dos diferentes segmentos dos brazos, mans e dedos correspondentes ás propostas de repertorio. Demostrar certo dominio nos cambios de posición e pasos de dedos. Amosar independencia entre manuais. Amosar o emprego de terceiras. Utilizar a respiración durante a execución.
- Interiorizar un pulso definido. Empregar un pulso estable nas execucións musicais. Amosar sentido da continuidade na interpretación.
- Demostrar certo control e precisión no dominio de fol para a asimilación da apertura-peche do fol en forma de abanico, os cambios de fol sen esforzo e a execución dos matices dinámicos, as graduacións dinámicas e acentuación de fol.
- Ter coñecemento e aplicar os diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Empregar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais traballadas.
- Interpretar un nutrido repertorio de pezas breves e exercicios de técnica en MI, MII e MIII que abarque os contidos correspondentes ao curso.
- Coñecer e aplicar as grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística do nivel.
- Amosar a aplicación de criterios básicos de interpretación propios do estilo ao que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Reflectir a forma musical correspondente a unha peza musical. Identificar as formas musicais binaria ou ternaria nunha peza escrita.

- Organizar unha axenda persoal de estudo do acordeón. Valorar o tempo dedicado ao estudo do acordeón como medio para progresar. Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través do estudo individual.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Reproducir de oído breves fragmentos melódicos co acordeón.
- Memorizar breves pasaxes musicais. Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria. Transcribir fragmentos musicais estudados de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso. Manter o pulso, anticipar e non interromper a lectura nas execucións á vista.
- Participar e asistir a audicións e outras actuacións públicas. Aplicar o protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público. Comprometerse musicalmente coa peza ou pezas a interpretar.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con certa frecuencia.

Mínimos esixibles

- Asumir e interiorizar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Demostrar certo control e precisión no dominio de fol para a asimilación da apertura-peche do fol en forma de abanico.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 8 pezas adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.

Se algunha peza do repertorio está composta de varios movementos, cada movemento contabilizará como unha peza a efectos de establecer o cómputo total de pezas do curso.

- Interpretar algunha das pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1.1 da Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental, función dos elementos constitutivos e os seus mecanismos, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado, execución de oído.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, graffías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, criterios estilísticos, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

- Criterios actitudinais: 20%

Estudo semanal, progreso persoal, interese e actitude positiva, asistencia a clase, interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa, protocolo de concerto, compromiso musical coas pezas a interpretar.

Como recolle a Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madurez académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a

orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do terceiro curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, función dos elementos constitutivos e os seus mecanismos, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, criterios estilísticos, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 90% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.3.5 Recursos didácticos

- Fleming, Robert: Puppet pantomime. Ed. Waterloo.
- Fraga, Fernando: A man lixeira. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: Saludo a Larri. Ed. Real Musical.
- Lundquist, Torbjörn: Allerlei. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Newy, Wolfgang: Kleine Suite für Akkordeon. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: The four seasons. Ed. PWM.
- Schwaen, Kurt: Weiter Landschaft. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- VV. AA.: Álbum para Anna Magdalena Bach. Ed. Boileau.

8.4 Curso: 4º Grao Elemental

8.4.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exigencias do nivel.
- Coordinar cada un dos elementos articulatorios que interveñen na práctica instrumental dun repertorio de nivel elemental, acadando unha adecuada independencia entre manuais.
- Adoptar o uso dun pulso definido, a través da determinación persoal e autovixiancia, para a preparación e interpretación das pezas musicais.
- Demostrar dominio e control no manexo do fol acadando un preciso control postural, fluidez no movemento de apertura-peche en forma de abanico e ausencia de esforzo.
- Adquirir unha técnica de fol axeitada que permita a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son.
- Adoptar unha técnica correcta para a execución de diferentes tipos de articulación dixital que permita un control consciente na produción e calidade do son.
- Demostrar un dominio da técnica de fol acorde ao nivel que permita a execución dos matices e gradacións dinámicas, valorando a relación existente entre os diversos elementos funcionais, instrumentais e musicais que interveñen na súa realización.
- Acadar unha técnica adecuada de acentuación de fol, logrando un ataque sonoro claro e definido a través da coordinación precisa entre a acción do fol e o movemento dos dedos.
- Asimilar o concepto de fraseo dinámico, realizando nas interpretacións instrumentais diversas acentuacións e flutuacións dinámicas básicas.
- Interpretar un repertorio de pezas de nivel adecuado e diferentes estilos en MI, MII e MIII, para profundar na comprensión da música como fenómeno diverso a través do acordeón.
- Coñecer as grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- Adoptar os criterios de estilo básicos correspondentes na interpretación de pezas históricas, de forma que se mostre a comprensión da música como fenómeno que evoluciona no tempo.

- Examinar e comprender a forma musical correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise sinxela e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.
- Mellorar a configuración do método de estudo persoal, a través da actividade individual sobre a obra a traballar, orientada polo profesor, para elevar o nivel da competencia de aprender a aprender.
- Desenvolver a utilización da memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.
- Interpretar de memoria unha parte do repertorio do curso, para progresar na independencia musical propia, a través do estudo específico do mesmo.
- Tocar a primeira vista pezas fáciles, para aproximarse a poder captar a información necesaria e interpretar dunha ollada unha partitura adecuada, a través da adquisición de hábitos de traballo correspondentes.
- Interpretar un pequeno repertorio en público, a través de pezas adecuadas ao nivel, para experimentar a relación coa música que ten lugar ao comunicalo a outros.
- Demostrar un control básico na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
- Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música dun xeito básico.
- Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respecto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.4.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos a nivel básico.
- Ampliación e afianzamento das posibilidades sonoras do acordeón.

- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Adopción do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
- Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
- Dominio e control do manexo do fol.
- Adquisición dunha técnica de fol axeitada que permita a execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son. Argumentación do seu uso.
- Adopción dunha técnica correcta para a execución de diferentes tipos de articulación dixital nos diferentes manuais.
- Dominio dunha técnica de fol que permita a execución diferenciada dos matices e gradacións dinámicas.
- Adopción dunha adecuada técnica de acentuación de fol que permita un ataque sonoro claro e definido. Coordinación precisa entre a acción do fol e o movemento dos dedos.
- Asimilación do concepto de fraseo dinámico. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Interpretación dun repertorio de obras orixinais e transcricións de diferentes estilos, estudos e exercicios de técnica adecuados ao nivel do curso en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- Desenvolvemento e aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertencen as pezas do repertorio traballado. Coñecemento básico de estilos musicais.
- Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada, baixo de Alberti e contrapunto a dúas voces.
- Aplicación e reflexión argumentada da dixitación proposta polo profesor.
- Dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
- Adopción do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
- Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical. Concienciación do respecto ás indicacións da partitura e a importancia da fidelidade á partitura.
- Coñecemento e identificación de formas e estruturas musicais correspondentes ás pezas do repertorio traballado.

- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Desenvolvemento da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura á vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII.
- Adopción da habilidade de anticipar e non interromper a lectura.
- Desenvolvemento do hábito de ler a primeira vista co acordeón con frecuencia.
- Improvisación fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, compases simples e compostos, mantemento do pulso e tonalidades ata dúas alteracións. Improvisación libre.
- Interpretación dun pequeno repertorio en público.
- Adopción do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- Entrenamento auditivo a través da busca e interpretación de oído de melodías e cancións adecuadas ao nivel e a execución instrumental simultánea ao canto.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma atenta con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.

8.4.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, tal e como se recolle na Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a

criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor tutor; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención á postura corporal adoptada.
- Coñecer as características constitutivas do acordeón. Aposar diferentes posibilidades de producir son co acordeón.
- Coordinar os movementos dos diferentes segmentos dos brazos, mans e dedos correspondentes ás propostas de repertorio. Demostrar dominio nos cambios de posición e pasos de dedos. Aposar independencia entre manuais. Aposar o emprego de terceiras, sextas e oitavas. Utilizar a respiración durante a execución.
- Adoptar un pulso definido. Empregar un pulso estable nas execucións musicais. Aposar sentido da continuidade na interpretación.
- Demostrar control e precisión no dominio de fol para acadar fluidez na apertura-peche do fol en forma de abanico, ausencia de esforzo e a adopción dunha técnica adecuada para a execución dos matices e graduacións dinámicas e a acentuación de fol.
- Adquirir a técnica adecuada que permita a execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais traballadas.
- Interpretar un repertorio de pezas de diferentes estilos e exercicios de técnica de nivel adecuado en MI, MII e MIII que abarque os contidos correspondentes ao curso. Asimilar o concepto de fraseo dinámico.
- Coñecer e aplicar as grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística do nivel.
- Aposar a aplicación de criterios básicos de interpretación propios do estilo ao que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Reflectir a forma musical correspondente a unha peza musical. Identificar formas musicais básicas nas pezas.

- Organizar unha axenda persoal de estudo do acordeón. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar. Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través do estudo individual.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Reproducir de oído breves fragmentos melódicos co acordeón.
- Memorizar diferentes aspectos das pezas musicais durante o estudo da mesma. Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria. Transcribir fragmentos musicais estudados de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso. Manter o pulso, anticipar e non interromper a lectura nas execucións á vista.
- Participar e asistir a audicións e outras actuacións públicas. Interpretar un pequeno repertorio en público. Aplicar o protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público. Comprometerse musicalmente coa peza ou pezas a interpretar.
- Demostrar un control básico na interpretación musical a través da seguridade no ritmo e nas notas, da adecuación ás dinámicas e á velocidade correspondentes, da rápida recuperación de calquera tropezo, da preparación cuidadosa e da adecuada resolución de problemas técnicos.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con certa frecuencia.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Demostrar control e precisión no dominio de fol para acadar fluidez na apertura-peche do fol en forma de abanico e ausencia de esforzo.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 6 pezas adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.

Se algunha peza do repertorio está composta de varios movementos, cada movemento contabilizará como unha peza a efectos de establecer o cómputo total de pezas do curso.

- Interpretar algunha das pezas do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza breve accesible ao nivel do curso.

- Participar nalgúnha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realízase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realízase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1.1 da Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha

proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental, características constitutivas do acordeón, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado, execución de oído.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, criterios estilísticos, control na interpretación, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

- Criterios actitudinais: 20%

Estudo semanal, progreso persoal, interese e actitude positiva, asistencia a clase, interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa, protocolo de concerto, compromiso musical coas pezas a interpretar.

Como recolle a Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madurez académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.

- coñecemento do título e nome do autor ou autora.
- como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.

2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do cuarto curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, características constitutivas do acordeón, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido, interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, criterios estilísticos, control na interpretación, formas musicais, memoria, lectura a primeira vista.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 90% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.4.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: Pequeños Preludios y Fugas. Ed. Boileau.
- Fraga, Fernando: A man lixeira. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: Pequeñas piezas. Ed. Real Musical.
- Jacobi, Wolfgang: 10 polyphone Stücke nach spanischen Volksliedern. Ed. Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: Neun zweistimmige Inventionen. Ed. Hohner Verlag Trossingen.

- Makkonen, Petri: The Dance of Four Virtuosos. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Pleyel, Ignace Joseph: Rondo. Editions Musicales André Astier.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: A Porcelain dancer. Ed. Astra.

8.5 Curso: 1º Grao Profesional

8.5.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
- Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
- Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
- Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.

- Examinar e comprender a forma musical e a estrutura harmónica básica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.
- Desenvolver a utilización dos diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.
- Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
- Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música.
- Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respecto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.5.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón. Coñecemento da familia de instrumentos de lingüeta libre.

- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental. Toma de conciencia da relación e interacción das partes do corpo.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais. Variedade de modos de ataque dixital.
- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico e aplicación das súas convencións interpretativas.
- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Dixitación de pasaxes musicais do nivel segundo as particularidades de cada alumno. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Profundamento no estudo da rexistración. Cambios de rexistro durante a interpretación.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Iniciación ao estudo das grafías da música contemporánea.
- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.

- Análise estilística e estrutural do repertorio en relación cos coñecementos de linguaxe musical deste nivel. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura a primeira vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura monofónica e melodía acompañada.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.5.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar conciencia da relación e interacción das partes do corpo e da relaxación necesaria para evitar tensións.
- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son, a execución do bellows shake e do vibrato, o equilibrio dos niveis da dinámica e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos

contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.

- Coñecer as características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer e aplicar as súas convencións interpretativas básicas.
- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica básica das obras do repertorio programado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais adecuados ao nivel do curso.
- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol.
- Demostrar control interpretativo e unha boa calidade do son na interpretación do repertorio programado para o curso.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con certa frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 6 obras ou estudos adecuados ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.

Se algunha peza do repertorio está composta de varios movementos, cada movemento contabilizará como unha peza a efectos de establecer o cómputo total de pezas do curso.

- Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; repertorio; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 20%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso

cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
 3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do primeiro curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.
3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as

inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.5.5 Recursos didácticos

- Cárcamo, Juan Carlos: Akelarre. Ed. Bèrben.
- Feld, Jindrich: Zweistimmige Partita. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Lundquist, Torbjörn: Neun zweistimmige Inventionen. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Olczak, Krzysztof: Suite para nenos nº3. Ed. Fata.
- Rueda, Jesús: Invenciones. Ed. Acco-Music.
- Schwaen, Kurt: Etüde. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: Clowns. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: Kindersuite nº1. Ed. Intermusik Smülling.

8.6 Curso: 2º Grao Profesional

8.6.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
- Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

- Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
- Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.
- Examinar e comprender a forma musical e a estrutura harmónica básica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.
- Desenvolver a utilización dos diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.
- Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
- Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música.

- Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respecto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.6.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento. Toma de conciencia das posibles posturas incorrectas. Adaptación a un posible cambio de instrumento.
- Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos. Orixe, antecedentes e evolución do acordeón. Coñecemento da familia de instrumentos de lingüeta libre.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental. Interacción das partes do corpo na execución.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais. Variedade de modos de ataque dixital.
- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeónicas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico e aplicación das súas convencións interpretativas.

- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Dixitación de pasaxes musicais do nivel segundo as particularidades de cada alumno. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Profundamento no estudo da rexistración. Cambios de rexistro durante a interpretación.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- Análise estilística e estrutural do repertorio en relación cos coñecementos de linguaxe musical deste nivel. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura a primeira vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura monofónica e melodía acompañada.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.

- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.6.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar conciencia da relación e interacción das partes do corpo e da relaxación necesaria para evitar tensións.

- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son, a execución do bellows shake e do vibrato, o equilibrio dos niveis da dinámica e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Coñecer as características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer e aplicar as súas convencións interpretativas básicas.
- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica básica das obras do repertorio programado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais adecuados ao nivel do curso.
- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol.
- Demostrar control interpretativo e unha boa calidade do son na interpretación do repertorio programado para o curso.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con certa frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 6 obras ou estudos adecuados ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.

Se algunha peza do repertorio está composta de varios movementos, cada movemento contabilizará como unha peza a efectos de establecer o cómputo total de pezas do curso.

- Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que

favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.

- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanza profesional de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; repertorio; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 20%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 10%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.

- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do segundo curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.
3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.6.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: Invencións a dúas voces. Ed. Urtex.
- Busseuil, Patrick: Animalia. Ed. Musique Semaphore Diffusion.
- Ganzer, Jürgen: Fünf Stücke für Akkordeon. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Gurbindo, Fermín: Safari. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: Acht Vortragstücke. Ed. Preissler München.
- Richter, Werner: Konstellation zu H·E·G·A. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: Clowns II. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: Kindersuite nº2. Ed. Intermusik Smülling.

8.7 Curso: 3º Grao Profesional

8.7.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.

- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
- Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
- Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
- Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
- Coñecer e recoñecer auditivamente as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.
- Examinar e coñecer a forma musical e comprender a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
- Empregar de xeito cotiá os diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical.

- Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
- Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.7.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade. Toma de conciencia das posibles posturas incorrectas. Adaptación a un posible cambio de instrumento.
- Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, iniciación ao ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Estudo dos diferentes tipos de articulación. Afianzamento da técnica de base a través da observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital.

- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas e tres voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas.
- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Dixitación de pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Profundamento no estudo da rexistración.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias necesarias para dito propósito.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e

autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.

- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.7.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Tomar

conciencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.

- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar conciencia da relación e interacción das partes do corpo e da relaxación necesaria para evitar tensións.
- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son; a execución do bellows shake binario e ternario, ricochet e do vibrato; o equilibrio dos niveis da dinámica; e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Coñecer as características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer, recoñecer auditivamente e aplicar as súas convencións interpretativas básicas.
- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica básica das obras do repertorio programado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais adecuados ao nivel do curso.

- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol.
- Demostrar control interpretativo e unha boa calidade do son na interpretación do repertorio programado para o curso.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos referentes á dixitación e á organización do fol a través da aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso con aplicación do protocolo de concerto.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.

- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; repertorio; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 15%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 15%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madurez académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.7.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.

3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do terceiro curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.
3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.7.5 Recursos didácticos

- Angelis, Franck: Vals du Clown. Ed. R.D.C. Records.
- Bach, Johann Sebastian: Invencións a dúas voces. Ed. Urtex.
- Fancelli, Luciano: Pupazzetti. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: 6 Walzer-Bagatellen. Ed. Musikverlag Josef Preissler München.
- Newy, Wolfgang: Burleske. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

- Noth, Hugo: Aisthanomai. Ed. Hohner Verlag.
- Semionov, Viacheslav: Suite para nenos nº2. Ed. Intermusik Smülling.
- Siara, Siegfried: Suite à la Jazz. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

8.8 Curso: 4º Grao Profesional

8.8.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
- Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
- Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
- Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
- Coñecer e recoñecer auditivamente as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.

- Examinar e coñecer a forma musical e comprender a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
- Empregar de xeito cotiá os diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical.
- Ler a primeira vista de maneira fluída textos musicais propios do nivel do curso e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
- Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.8.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
- Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake

binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións en notas graves do MI.

- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Estudo dos diferentes tipos de articulación. Perfeccionamento da técnica de base a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital.
- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas e tres voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas.
- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Dixitación de pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Profundamento no estudo da rexistración.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.

- Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias necesarias para dito propósito.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto. Adecuación dinámica ao grupo.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Predisposición ao incremento dos propios horizontes musicais. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.8.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o

comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Tomar conciencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar conciencia da relación e interacción das partes do corpo, da relaxación necesaria para evitar tensións e da implicación da respiración na interpretación.
- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son; a execución do bellows shake binario e ternario, ricochet, vibrato e distorsións; o equilibrio dos niveis da dinámica; e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Coñecer as características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer, recoñecer auditivamente e aplicar as súas convencións interpretativas básicas.

- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica básica das obras do repertorio programado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais e realizar acompañamentos adecuados ao nivel do curso.
- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol.
- Demostrar control interpretativo e unha boa calidade do son na interpretación do repertorio programado para o curso.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos referentes á dixitación e á organización do fol a través da aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.

- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso con aplicación do protocolo de concerto.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación

do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; repertorio; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 10%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 20%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madurez académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.8.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade xeral nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido razoable da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
 3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do cuarto curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.
3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.8.5 Recursos didácticos

- Angelis, Franck: Soliloque. Ed. Bèrben.
- Fugazza, Felice: Preludio e Fuga. Ed. Bèrben.
- Kunz, Hans: Toccata. Ed. Musikverlag Josef Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: Sonatina Piccola. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Rosenetzki, Ernst-Günter: Fantasie nº1. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Scarlatti, Domenico: Sonatas para clave. Ed. Ricordi.
- Siara, Siegfried: Suite à la Jazz. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Zolotaryov, Vladislav: Monasterio de Firaponte. Ed. Intermusik Smülling.

8.9 Curso: 5º Grao Profesional

8.9.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, manifestando dominio no coñecemento e aplicación do contacto co instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e demostrar o seu uso dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Manifestar velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Ser capaz de manter un pulso constante, así como de interpretar correctamente os cambios de tempo. Amosar dominio na relación da respiración e a interpretación musical e o fraseo.
- Demostrar capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol, a execución da dinámica e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
- Aplicar con dominio e total autonomía os coñecementos adquiridos referentes á técnica de teclado que permita a execución dos diferentes tipos de articulación

dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.

- Aplicar con autonomía os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar e analizar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos e de dificultade adecuada ao nivel do curso, aplicando o xuízo crítico, acadando unha boa calidade sonora e empregando a técnica ao servizo da expresividade. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
- Coñecer e aplicar as diversas convencións interpretativas vixentes nas diferentes épocas a través do estudo e análise de transcricións e obras orixinais para acordeón, adaptando a articulación, pulsación e rexistración ao instrumento orixinal.
- Comprender a forma musical e a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballe, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
- Empregar de xeito cotiá a memoria no estudo persoal e na interpretación musical, empregando diversas e variadas técnicas de memorización.
- Ler a primeira vista con altos niveis de concentración, atención e fluidez textos musicais propios do nivel do curso, aplicando os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Improvisar co instrumento pequenas pezas con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos en diferentes estilos.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da técnica e da memoria, e capacidade comunicativa e de expresión co instrumento. Analizar de maneira crítica a súa interpretación.
- Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.9.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.

- Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Precisión nos cambios de tempo. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Perfeccionamento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións.
- Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Perfeccionamento da técnica de acentuación de fol. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Perfeccionamento e afondamento na execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación de teclado a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital e de pulso. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a tres voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Profundamento no estudo das características dos diferentes períodos e estilos musicais. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos e desenvolvemento da personalidade artística.
- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía e o criterio persoal na toma de decisións e resolución de problemas que afecten á interpretación a través da aplicación dos

coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.

- Dixitación de obras e pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Profundamento no estudo da rexistración.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Estudo das grafías da música contemporánea.
- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Adopción de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Dominio técnico e estilístico das obras. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación individual e en conxunto.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.9.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Tomar conciencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar conciencia da relación e interacción das partes do corpo, da relaxación necesaria para evitar tensións e da implicación da respiración na interpretación. Coñecer e aplicar técnicas de concienciación corporal e de prevención de lesións.

- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son; a execución do bellows shake binario e ternario, ricochet, vibrato e distorsións; o equilibrio dos niveis da dinámica; e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar e analizar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Coñecer as características dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer, recoñecer auditivamente e aplicar de maneira autónoma as súas convencións interpretativas. Desenvolver a personalidade artística.
- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica das obras do repertorio programado. Reflectir na interpretación o material analizado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar de maneira fluída a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais e realizar acompañamentos adecuados ao nivel do curso.
- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria, así coma control técnico e estilístico das obras. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol. Desenvolver a presenza escénica.

- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar un repertorio —formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo e agónica correspondentes.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos referentes á dicitación e á organización do fol a través da aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.
- Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Participar nalgunha das audicións públicas organizadas durante o curso con capacidade comunicativa e aplicación do protocolo de concerto.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.

- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.
- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares;

dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; repertorio; convencións interpretativas; personalidade artística; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 10%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; concienciación corporal e prevención de lesións; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 20%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol; presenza escénica.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Sempre e cando se considere necesario, na materia de Acordeón realizarase unha proba similar á que se levaría a cabo no caso dunha avaliación extraordinaria, tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e cualificación.

8.9.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo e agónica.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos,

uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do quinto curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; convencións interpretativas; personalidade artística; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.
3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

No suposto de non acadar unha cualificación positiva, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

8.9.5 Recursos didácticos

- Busseuil, Patrick: Laetitia parc. Ed. Semaphore.
- Dobler, Fritz: Musik 1982. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Fancelli, Luciano: Acquarelli Cubani. Ed. Bèrben.
- Makkonen, Petri: Like swans. Ed. AMS Production.
- Messina, Russ: A Trip to the Moon. Ed. Waterloo.
- Olczak, Krzysztof: Berceuse. Ed. Ricordi.

- Precz, Bogdan: 3-3-2. Ed. Bèrben.
- Trojan, Václav: Die zertrümmerte Kathedrale. Ed. Supranhon.

8.10 Curso: 6º Grao Profesional

8.10.1 Obxectivos

- Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, manifestando dominio no coñecemento e aplicación do contacto co instrumento.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e demostrar o seu uso dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
- Demostrar coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, a través da interpretación dun repertorio adecuado ao nivel do curso. Manifestar velocidade e flexibilidade dos dedos.
- Ser capaz de manter un pulso constante, así como de interpretar correctamente os cambios de tempo. Amosar dominio na relación da respiración e a interpretación musical e o fraseo.
- Demostrar capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol, a execución da dinámica e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
- Aplicar con dominio e total autonomía os coñecementos adquiridos referentes á técnica de teclado que permita a execución dos diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
- Aplicar de maneira autónoma, reflexiva e argumentada os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar e analizar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos e de dificultade adecuada ao nivel do curso, aplicando o xuízo crítico, acadando unha boa calidade sonora e empregando a técnica ao servizo da expresividade. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.

- Coñecer e aplicar as diversas convencións interpretativas vixentes nas diferentes épocas a través do estudo e análise de transcricións e obras orixinais para acordeón, adaptando a articulación, pulsación e rexistración ao instrumento orixinal.
- Comprender a forma musical e a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballe, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
- Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
- Empregar de xeito cotiá a memoria no estudo persoal e na interpretación musical, empregando diversas e variadas técnicas de memorización.
- Ler a primeira vista con altos niveis de concentración, atención e fluidez textos musicais propios do nivel do curso, aplicando os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
- Improvisar co instrumento pequenas pezas con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos en diferentes estilos.
- Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da técnica e da memoria, e capacidade comunicativa e de expresión co instrumento. Analizar de maneira crítica a súa interpretación.
- Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.10.2 Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
- Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Adopción dun pulso estable no transcurso da interpretación. Precisión nos cambios de tempo. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
- Perfeccionamento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e

cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións.

- Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Perfeccionamento da técnica de acentuación de fol. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Perfeccionamento na execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación de teclado a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital e de pulso. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
- Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a tres voces.
- Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- Estudo das características dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos e desenvolvemento da personalidade artística.
- Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Autonomía e criterio persoal na toma de decisións e resolución de problemas que afecten á interpretación a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Dixitación de obras e pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- Estudo da rexistración. Reflexión sobre a rexistración das obras. Elección da rexistración en obras onde non figuren tales indicacións.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Estudo das grafías da música contemporánea.

- Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- Adopción de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, acordes de sétima de dominante e introdución de dominantes secundarias, textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Dominio técnico e estilístico das obras. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación individual e en conxunto.
- Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Predisposición ao incremento dos propios horizontes musicais. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.10.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende a emisión dun xuízo de valor sobre a mesma, orientado á toma de decisións e a mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, tamén

será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino coma da práctica docente.

Asemade, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado consideraranse as características propias deste e o contexto sociocultural do centro; o alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación; o alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións referentes ás avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe; así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención e mostrar conciencia das posibles posturas incorrectas.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do acordeón. Manifestar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Tomar conciencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ás orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
- Aplicar os aspectos referentes á coordinación motriz e ao equilibrio entre os esforzos musculares correspondentes ás propostas de repertorio. Tomar control da relación e interacción das partes do corpo, da relaxación necesaria para evitar tensións e da implicación da respiración na interpretación. Coñecer e aplicar técnicas de concienciación corporal e de prevención de lesións.
- Demostrar o uso dun pulso definido. Manifestar control rítmico e respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter na interpretación do repertorio proposto.
- Exercer un control adecuado sobre o fol que permita o control da presión e da calidade do son; a execución do bellows shake binario e ternario, ricochet, vibrato e distorsións; o equilibrio dos niveis da dinámica; e unha axeitada técnica de acentuación de fol.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais correspondentes ao repertorio programado.

- Mostrar autonomía e criterio persoal na toma de decisións e resolución de problemas que afecten á interpretación, a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- Interpretar e analizar un repertorio de obras representativas de diferentes épocas e estilos que abarque os contidos correspondentes ao curso. Manifestar o coñecemento dos contidos do curso referentes ao repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- Coñecer as características dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecer, recoñecer auditivamente e aplicar de maneira autónoma as súas convencións interpretativas. Desenvolver a personalidade artística.
- Examinar e comprender, a través da análise musical, a forma musical e a estrutura harmónica das obras do repertorio programado. Reflectir na interpretación o material analizado.
- Demostrar o progreso persoal acordeonístico a través de estratexias e hábitos de estudo correctos. Valorar o tempo dedicado ao estudo como medio para progresar.
- Mostrar interese e actitude positiva nas clases. Asistir a clase de forma continuada.
- Memorizar diferentes aspectos do repertorio traballado facendo uso de diversas técnicas de memorización. Interpretar parte do repertorio do curso de memoria.
- Realizar de maneira fluída a lectura a primeira vista de pezas accesibles ao nivel do curso aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- Demostrar capacidade para improvisar pequenos fragmentos musicais e realizar acompañamentos adecuados ao nivel do curso.
- Interpretar en público —con aplicación do protocolo de concerto— un repertorio variado demostrando capacidade comunicativa e dominio da memoria, así coma control técnico e estilístico das obras. Aplicar mecanismos de concentración e autocontrol. Desenvolver a presenza escénica.
- Demostrar interese por escoitar música e asistir a concertos con frecuencia. Analizar as características de diferentes interpretacións dunha mesma obra, así coma as gravacións das interpretacións propias.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal e instrumental adecuada.
- Interpretar e analizar un repertorio —formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:
 - seguridade nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido da continuidade.

- adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo, agónica e carácter.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - aplicación das convencións interpretativas pertencentes aos períodos e estilos musicais das obras.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos referentes á dixitación, á organización do fol e ao fraseo a través da aplicación dos coñecementos adquiridos.
 - Interpretar algunha das obras do repertorio do curso de memoria.
 - Realizar a lectura a primeira vista dalgunha peza accesible ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
 - Participar en dúas das audicións públicas organizadas durante o curso con capacidade comunicativa, dominio da memoria e aplicación do protocolo de concerto.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- Observación sistemática, diaria e directa.
- Observación indirecta.
- Emprego de rúbricas.

Como instrumentos de avaliación, nesta programación valerémosnos dos seguintes:

- Caderno de aula do profesor.
- Rúbricas.
- Listas de cotexo.
- Análise de traballos.
- Gravacións.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolle a información, a avaliación será:

- Inicial: permite coñecer a situación da que parte o alumnado en función dos obxectivos que queremos acadar, así coma establecer as actividades que favorezan a súa aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso, da programación ou da unidade didáctica a través da observación e probas de carácter práctico e oral.

- Continua: permite identificar os logros que o alumnado vai realizando ao longo do programa educativo, así coma exercer un control permanente na evolución do proceso e tomar medidas de forma inmediata. Esta avaliación referirase a cada unidade didáctica concreta e tratará sobre a recollida de información dos aspectos clave do proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
- Final: realizarase no último momento do proceso, permitindo coñecer os resultados conseguidos, avaliar en qué medida se conseguiron os obxectivos propostos e reflexionar sobre todo o proceso educativo.

Para que a avaliación dos alumnos e das alumnas sexa continua e integradora, é necesaria a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas (Punto 1 do Artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música). Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Criterios de cualificación

Para calcular a cualificación final do curso, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Criterios técnicos: 35%

Posición corporal e instrumental; coñecemento das características e as posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos; estratexias de estudo; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 35%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; interpretación e análise do repertorio; convencións interpretativas; personalidade artística; forma e estrutura harmónica; memoria; lectura a primeira vista; improvisación; control interpretativo; audicións comparadas.

- Criterios actitudinais: 10%

Estudo semanal; progreso persoal; interese e actitude positiva nas clases; asistencia a clase; concienciación corporal e prevención de lesións; interese por escoitar música e asistir a concertos.

- Interpretación en público: 20%

Asistencia e participación activa; protocolo de concerto; mecanismos de concentración e autocontrol; presenza escénica.

Como recolle a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e unha proposta de actividades de recuperación.

8.10.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Como medidas de recuperación ordinarias, nesta programación valerémosnos de:

- Asistencia do alumnado a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumnado ás horas de tutoría do profesor, sempre e cando se dean as condicións de dispoñibilidade necesarias.
- Asistencia do alumnado ás clases de compañeiros de nivel similar como oíntes.
- Probas de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará durante o mes de xuño. Dita proba consistirá en:

1. Interpretación do repertorio programado para o curso —na súa totalidade ou de maneira parcial— que demostre a adquisición e manexo dos contidos do curso

cunha destreza mínima. Tamén será posible presentar un programa alternativo, sempre e cando exista un acordo e consenso previo co profesorado. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade nas notas e no ritmo.
 - uso dun pulso definido e sentido da continuidade.
 - adecuación ás dinámicas e ás indicacións de tempo, agóxica e carácter.
 - adecuación á articulación e uso dunha axeitada técnica de acentuación de fol.
 - aplicación das convencións interpretativas pertencentes aos períodos e estilos musicais das obras.
 - rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
 - coñecemento do título e nome do autor ou autora.
 - como mínimo, unha das pezas será interpretada de memoria.
2. Interpretación a primeira vista dunha peza adecuada ao nivel do curso, aplicando os aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
 3. Improvisación dun pequeno fragmento musical fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, acordes de sétima de dominante, e textura de melodía acompañada.

A avaliación da proba fundamentarase nos criterios de avaliación do sexto curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; personalidade artística; forma e estrutura harmónica; memoria; control interpretativo.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

3. Improvisación: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 10% na cualificación final.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a todos os efectos, a consideración de cualificación negativa.

8.10.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: Das wohltemperierte Klavier. Ed. Urtext.
- Fiala, Petr: Aphorisms. Ed. Trio-Förlaget.
- Ganzer, Jürgen: Fantasía 84. Ed. Bala Musik.
- Gurbindo, Fermín: Fantasía para acordeón. Ed. Bèrben.
- Lundquist, Torbjörn: Partita Piccola. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Makkonen, Petri: The Flight Beyond The Time. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Repnikov, Albin: Scherzo. Ed. Intermusik Smülling.
- Trojan, Václav: Die zertrümmerte Kathedrale. Ed. Supranhon.

9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo o establecido no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, no cal se indica que a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa, desde o departamento levarase a cabo tanto a avaliación do proceso de aprendizaxe, coma a avaliación da programación didáctica e da labor docente.

Ao finalizar o curso realizarase unha avaliación co fin de analizar a adecuación dos elementos curriculares ás necesidades específicas e nivel do alumnado; a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así coma entre criterios de avaliación, contidos e obxectivos; a adecuación, eficiencia e coherencia dos criterios metodolóxicos; a atención á diversidade, a adecuación das actividades aos intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado; os criterios para a elección de medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos; a xestión do clima da aula e a relación co alumnado e as familias.

10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento serán o foro onde se realice, de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc. Todo isto, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento —en concreto a de Acordeón—, así como a individualidade de cada un dos alumnos.

Comentarase regularmente os resultados globais de cada avaliación en calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente, revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc. En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade que permita ao profesorado e alumnado levar a cabo os obxectivos que a programación expón.

11 Anexos

11.1 Probas de acceso a 1º de Grao Profesional

A proba de acceso ao primeiro curso do grao profesional estrutúrase en dúas partes, a primeira de carácter práctico que avalía a interpretación instrumental, e a segunda que avalía os coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical (ver Programación didáctica de Linguaxe musical).

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

A proba de interpretación instrumental consistirá na interpretación de tres obras adecuadas ao nivel —en bassetti (BB) e estándar (SB)— pertencentes a estilos diferentes. Como mínimo, unha das obras será interpretada de memoria.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Adopción do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
- Dominio e control do manexo do fol a través dun preciso control postural, fluidez no movemento de apertura-peche en forma de abanico, a ausencia de esforzo e a organización do fol respectando as estruturas musicais.
- Adquisición dunha técnica de fol axeitada que permita a execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Adopción dunha técnica correcta para a execución de diferentes tipos de articulación dixital nos diferentes manuais.
- Dominio dunha técnica de fol que permita a execución diferenciada dos matices e gradacións dinámicas.
- Adopción dunha adecuada técnica de acentuación de fol que permita un ataque sonoro claro e definido.
- Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Desenvolvemento e aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- Memorización dunha parte do repertorio.
- Desenvolvemento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación.
- Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.

Criterios de avaliación

- Adoptar e manter no tempo unha posición corporal e instrumental adecuada. Manifestar unha actitude de atención á postura corporal adoptada.

- Coordinar os movementos dos diferentes segmentos dos brazos, mans e dedos correspondentes ás propostas de repertorio.
- Adoptar un pulso definido. Amosar sentido da continuidade na interpretación.
- Demostrar control e precisión no dominio de fol para acadar fluidez na apertura-peche do fol en forma de abanico, ausencia de esforzo e a adopción dunha técnica adecuada para a execución dos matices e graduacións dinámicas e a acentuación de fol.
- Adquirir a técnica adecuada que permita a execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Adoptar as técnicas de teclado que interveñen na execución das articulacións dixitais.
- Interpretar un repertorio de pezas de diferentes estilos e exercicios de técnica de nivel adecuado en MI, MII e MIII que abarque os contidos correspondentes ao curso.
- Amosar a aplicación de criterios básicos de interpretación propios do estilo ao que pertencen as obras do repertorio.
- Interpretar pezas do repertorio de memoria.
- Demostrar un control básico na interpretación musical a través da seguridade no ritmo e nas notas, da adecuación ás dinámicas e á velocidade correspondentes, da rápida recuperación de calquera tropezo e da adecuada resolución de problemas técnicos.

Repertorio orientativo

- Bach, Johann Sebastian: Pequeños Preludios y Fugas. Ed. Boileau.
- Fraga, Fernando: A man lixeira. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: Pequeñas piezas. Ed. Real Musical.
- Jacobi, Wolfgang: 10 polyphone Stücke nach spanischen Volksliedern. Ed. Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: Neun zweistimmige Inventionen. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Makkonen, Petri: The Dance of Four Virtuosos. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Pleyel, Ignace Joseph: Rondo. Editions Musicales André Astier.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: A Porcelain dancer. Ed. Astra.

11.2 Probas de acceso a outros cursos

11.2.1 Proba de acceso a 2º de Grao Elemental

A proba de acceso ao 2º curso do Grao Elemental constará de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical (ver Programación didáctica de Linguaxe musical).

Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, o acompañamento musical correrá a cargo do aspirante á praza. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

Contidos

- Coñecemento e reprodución dunha adecuada posición corporal. Colocación adecuada do instrumento.
- Iniciación ao desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Iniciación ao uso dun pulso regular.
- Iniciación ao dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e os cambios de fol sen esforzo.
- Iniciación ao estudo de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Iniciación ao estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento: apertura-peche de fol, dixitación nos diferentes manuais, rexistros, acordes maiores e menores en MII.
- Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man e pequenas pezas nas que interveñan as dúas mans por separado.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do primeiro curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso regular, repertorio, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, memoria.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 20% na cualificación final.

A proba instrumental puntuarase de 1 a 10 puntos e necesitarase un mínimo de 5 puntos para considerar a cualificación como positiva.

Unha vez superados o exercicio de interpretación e o exercicio teórico-práctico de linguaxe musical, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 60%
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Repertorio orientativo

- Bloch, Waldemar: 35 Miniaturen für Akkordeon. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Didas Flory, Angelika: Ferdinand maus und seine Freunde. Ed. Wunn.
- Garbatini, Sandro: Simple Songs. Ed. Bèrben.
- Harris, Eddie: Preparatory Studies for Beginners. Ed. Waterloo.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: Acordeón divertido. Ed. Antza.
- Noth, Hugo: Zwanzig Spielstücke. Ed. Musikverlag Heinz Oettinger.
- Saira, Ari-Matti: The Little Accordion Player's Toy Box. Ed. AMS Production.

11.2.2 Proba de acceso a 3º de Grao Elemental

A proba de acceso ao 3º curso do Grao Elemental constará de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical (ver Programación didáctica de Linguaxe musical).

Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, o acompañamento musical correrá a cargo do aspirante á praza. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

Contidos

- Aproximación a unha posición corporal precisa. Afianzamento dunha adecuada colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Desenvolvemento do uso dun pulso regular e definido.
- Desenvolvemento do dominio consciente do fol a través do control postural, a asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico, a ausencia de esforzo innecesario e a organización do fol.
- Coñecemento e iniciación á execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Ampliación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Iniciación á técnica de acentuación de fol.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento: diferentes signos de apertura-peche de fol; dixitación nos diferentes manuais; contrabaixos; rexistros; acordes maiores, menores e 7ª en MII; iniciación ao cifrado angloxasón.
- Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man, pezas nas que interveñan as dúas mans por separado e pequenas pezas sinxelas a dúas mans en MI, MII e MIII.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do segundo curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido, repertorio, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, memoria.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 20% na cualificación final.

A proba instrumental puntuarase de 1 a 10 puntos e necesitarase un mínimo de 5 puntos para considerar a cualificación como positiva.

Unha vez superados o exercicio de interpretación e o exercicio teórico-práctico de linguaxe musical, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 60%
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Repertorio orientativo

- Abbott, Alain: Pour fabrice. Ed. Gérard Billaudot.
- Bloch, Waldemar: 35 Miniaturen für Akkordeon. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Garbatini, Sandro: Tre Studietti Facili. Ed. Bèrben.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: Acordeón divertido. Ed. Antza.
- Lundquist, Torbjörn: Allerlei. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Ravasio, Luigi: Riconfezioni. Ed. Bèrben.
- Takács, Jenő: Von Fernen Küsten. Universal Editions.

11.2.3 Proba de acceso a 4º de Grao Elemental

A proba de acceso ao 4º curso do Grao Elemental constará de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical (ver Programación didáctica de Linguaxe musical).

Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, o acompañamento musical correrá a cargo do aspirante á praza. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

Contidos

- Interiorización e asunción dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Desenvolvemento e interiorización do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
- Aproximación a unha execución controlada e precisa do manexo do fol a través do control postural, a asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico, a ausencia de esforzo e a organización do fol respectando as estruturas musicais.
- Aplicación consciente dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
- Asimilación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- Automatización da técnica de acentuación do fol.
- Iniciación á aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertencen as pezas do repertorio traballado.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento: diferentes signos de apertura-peche de fol; dixitación nos diferentes manuais; contrabaixos; rexistros; acordes maiores, menores, 7ª e 7ª diminuída en MII; cifrado angloxasón (acordes tríade e 7ª).
- Práctica da lectura á vista de pezas sinxelas e accesibles nas que interveñan as dúas mans por separado, así coma a dúas mans en MI, MII e MIII.

- Fomento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación.
- Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do terceiro curso do grao elemental, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental, posibilidades de producir o son, coordinación de movementos, dominio do fol, tipos de ataque e extinción do son, técnicas de teclado.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido, repertorio, continuidade na interpretación, grafías pertencentes á linguaxe musical e á escritura acordeonística, criterios estilísticos, memoria.

A cualificación da proba establecerase tendo en conta o seguinte:

1. Interpretación do repertorio: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 80% na cualificación final.
2. Lectura a vista: este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, tendo un valor do 20% na cualificación final.

A proba instrumental puntuarase de 1 a 10 puntos e necesitarase un mínimo de 5 puntos para considerar a cualificación como positiva.

Unha vez superados o exercicio de interpretación e o exercicio teórico-práctico de linguaxe musical, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 60%
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Repertorio orientativo

- Fleming, Robert: Puppet pantomime. Ed. Waterloo.
- Fraga, Fernando: A man lixeira. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: Saludo a Larri. Ed. Real Musical.
- Lundquist, Torbjörn: Allerlei. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Newy, Wolfgang: Kleine Suite für Akkordeon. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: The four seasons. Ed. PWM.
- Schwaen, Kurt: Weiter Landschaft. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- VV. AA.: Álbum para Anna Magdalena Bach. Ed. Boileau.

11.2.4 Proba de acceso a 2º de Grao Profesional

A proba de acceso ao 2º curso do Grao Profesional constará de dous exercicios:

- a) Interpretación no instrumento de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos, ponderarase o primeiro deles nun 70%, e o segundo nun 30%.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante. Control auditivo.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.

- Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais.
- Aplicación das convencións interpretativas dos diferentes períodos e estilos musicais.
- Aplicación dunha dixelación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Memorización dunha parte do repertorio.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do primeiro curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; convencións interpretativas; memoria; control interpretativo.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Repertorio orientativo

- Cárcamo, Juan Carlos: Akelarre. Ed. Bèrben.
- Feld, Jindrich: Zweistimmige Partita. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Lundquist, Torbjörn: Neun zweistimmige Inventionen. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Olczak, Krzysztof: Suite para nenos nº3. Ed. Fata.
- Rueda, Jesús: Invenciones. Ed. Acco-Music.
- Schwaen, Kurt: Etüde. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: Clowns. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: Kindersuite nº1. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.5 Proba de acceso a 3º de Grao Profesional

A proba de acceso ao 3º curso do Grao Profesional constará de dous exercicios:

- a) Interpretación no instrumento de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos, ponderarase o primeiro deles nun 70%, e o segundo nun 30%.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante. Control auditivo.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais.
- Aplicación das convencións interpretativas dos diferentes períodos e estilos musicais.

- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Memorización dunha parte do repertorio.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do segundo curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; memoria; control interpretativo.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Repertorio orientativo

- Bach, Johann Sebastian: Invencións a dúas voces. Ed. Urtex.
- Busseuil, Patrick: Animalia. Ed. Musique Semaphore Diffusion.
- Ganzer, Jürgen: Fünf Stücke für Akkordeon. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Gurbindo, Fermín: Safari. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: Acht Vortragstücke. Ed. Preissler München.
- Richter, Werner: Konstellation zu H·E·G·A. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: Clowns II. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: Kindersuite nº2. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.6 Proba de acceso a 4º de Grao Profesional

A proba de acceso ao 4º curso do Grao Profesional constará de dous exercicios:

- a) Interpretación no instrumento de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como

mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos, ponderarase o primeiro deles nun 70%, e o segundo nun 30%.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, iniciación ao ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante. Control auditivo.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais. Variedade de modos de ataque dixital.
- Aplicación das convencións interpretativas dos diferentes períodos e estilos musicais.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.

- Memorización dunha parte do repertorio.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do terceiro curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; memoria; control interpretativo.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Repertorio orientativo

- Angelis, Franck: Vals du Clown. Ed. R.D.C. Records.
- Bach, Johann Sebastian: Invencións a dúas voces. Ed. Urtex.
- Fancelli, Luciano: Pupazzetti. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: 6 Walzer-Bagatellen. Ed. Musikverlag Josef Preissler München.
- Newy, Wolfgang: Burleske. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Noth, Hugo: Aisthanomai. Ed. Hohner Verlag.
- Semionov, Viacheslav: Suite para nenos nº2. Ed. Intermusik Smülling.
- Siara, Siegfried: Suite à la Jazz. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

11.2.7 Proba de acceso a 5º de Grao Profesional

A proba de acceso ao 5º curso do Grao Profesional constará de dous exercicios:

- a) Interpretación no instrumento de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos, ponderarase o primeiro deles nun 70%, e o segundo nun 30%.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións en notas graves do MI.
- Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante. Control auditivo.
- Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- Estudo dos diferentes tipos de articulación. Variedade de modos de ataque dixital.
- Aplicación das convencións interpretativas dos diferentes períodos e estilos musicais.
- Aplicación dunha dixitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Memorización dunha parte do repertorio.
- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol.

- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do cuarto curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter; convencións interpretativas; memoria; control interpretativo.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Repertorio orientativo

- Angelis, Franck: Soliloque. Ed. Bèrben.
- Fugazza, Felice: Preludio e Fuga. Ed. Bèrben.
- Kunz, Hans: Toccata. Ed. Musikverlag Josef Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: Sonatina Piccola. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Rosenetzki, Ernst-Günter: Fantasie nº1. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Scarlatti, Domenico: Sonatas para clave. Ed. Ricordi.
- Siara, Siegfried: Suite à la Jazz. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Zolotaryov, Vladislav: Monasterio de Firaponte. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.8 Proba de acceso a 6º de Grao Profesional

A proba de acceso ao 6º curso do Grao Profesional constará de dous exercicios:

- a) Interpretación no instrumento de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos, ponderarase o primeiro deles nun 70%, e o segundo nun 30%.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Contidos

- Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
- Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Precisión nos cambios de tempo. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter.
- Perfeccionamento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións.
- Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes. Control auditivo.
- Perfeccionamento da técnica de acentuación de fol.
- Perfeccionamento e afondamento na execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación de teclado a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital e de pulso.
- Aplicación das convencións interpretativas dos diferentes períodos e estilos musicais.
- Aplicación dunha dicitación baseada na economía de movementos e adaptada ás características organolóxicas do instrumento.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.

- Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Dominio técnico e estilístico das obras. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol.
- Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.

Criterios de cualificación

A avaliación da proba de interpretación fundamentarase nos criterios de avaliación do quinto curso do grao profesional, tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%

Posición corporal e instrumental; posibilidades sonoras do instrumento; coordinación motriz e equilibrio entre os esforzos musculares; dominio do fol; técnicas de teclado; calidade do son.

- Criterios estético-musicais: 50%

Pulso definido; control rítmico; respecto polas indicacións de tempo, agónica e carácter; convencións interpretativas; memoria; control interpretativo.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Repertorio orientativo

- Busseuil, Patrick: Laetitia parc. Ed. Semaphore.
- Dobler, Fritz: Musik 1982. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Fancelli, Luciano: Acquarelli Cubani. Ed. Bèrben.
- Makkonen, Petri: Like swans. Ed. AMS Production.
- Messina, Russ: A Trip to the Moon. Ed. Waterloo.
- Olczak, Krzysztof: Berceuse. Ed. Ricordi.
- Precz, Bogdan: 3-3-2. Ed. Bèrben.
- Trojan, Václav: Die zertrümmerte Kathedrale. Ed. Supranhon.

11.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Poderán presentarse todos aqueles alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional de Música de Carballo que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros, único para todos os candidatos.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba.

Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interrompirla interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumno ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:
 - Dificultade do repertorio.
 - Control do ritmo e medida das figuras.
 - Claridade e igualdade de ditiación.
 - Calidade do son.
- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:
 - Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
 - Adecuación sonora aos diferentes estilos.
 - Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación.
 - Corrección na execución dos ornamentos.
- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
 - Respecto dos aires e movementos.
 - Fidelidade nas indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
 - Exactitude na exposición das notas.
- Amosar as dotes artísticas e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:

- Capacidade de comunicación musical.
- Concentración ao longo do recital.